

Arteixo

PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES (PES) DO CONCELLO DE ARTEIXO PARA O PERÍODO 2023-2025



PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES (PES) DO CONCELLO DE ARTEIXO PARA O PERÍODO 2023-2025

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	3
II. ANTECEDENTES.....	4
III. NORMATIVA REGULADORA.....	6
IV.- CONTIDO DO PLAN.....	7
V. NATUREZA XURÍDICA.....	8
VI. COMPETENCIA.....	9
VII.- ÁMBITO SUBXECTIVO.....	9
VIII. ÁMBITO OBXECTIVO.....	9
IX.- ÁMBITO TEMPORAL.....	10
X. MARCO DE ESTABILIDAD ECONÓMICO FINANCIERA.....	10
XI. PRINCIPIOS XERAIS.....	12
XII. OBXECTIVOS.....	12
XIII.- PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.....	15
XIV. PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....	16
XV. FINANCIAMENTO E PAGO ANTICIPADO.....	16
XVI. CONTROL, SEGUIMIENTO E TRANSPARENCIA.....	17
XVII. ACTUALIZACIÓN.....	17
ANEXO I. LIÑAS E PROGRAMAS DE SUBVENCIÓN 2023.....	19

I. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da planificación e a dirección por obxectivos e o control da xestión e a avaliación dos resultados das políticas públicas.

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, por tanto, da infancia, da xuventude, das persoas maiores, das persoas en risco de exclusión social, as vítimas de violencia de xénero, as persoas emprendedoras, as persoas que buscan emprego, as asociacións veciñais, culturais, deportivas, en definitiva, de toda a cidadanía de Arteixo.

A actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas pode realizarse tanto de forma directa, como indirecta, favorecendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de determinados incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos ou por quen pode axilizar a súa execución.

Así, desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

A aplicación do principio de planificación, a dirección por obxectivos, o control da xestión e a avaliación dos resultados das políticas públicas contemplados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público supón que o plan estratéxico de subvencións contemplado no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións é un requisito esencial e previo á concesión de subvencións por parte da Administración local que permitirá mellorar a súa eficacia e eficiencia.

Do mesmo xeito, o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), establece que os órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e os efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A regulación dos plans estratéxicos de subvencións desenvolveuse no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RXS). O Tribunal de Contas

emitiu informes sobre este contido nos plans estratéxicos de subvencións da área político-administrativa do Estado.

O Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade destas e demais axudas públicas, introduce un novo parágrafo no artigo 13 do Regulamento Xeral de Subvencións, no que sinala que os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deben publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

O artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que as Administracións publicarán os plans e os programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, os medios e o tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e os resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.

O artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do RXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, que establece cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para súa aprobación, o seguimento que debe realizarse deles e os efectos do seu incumprimento. De acordo co previsto no artigo 12.3 do RXS, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

A actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible realizarase anualmente, de acordo co disposto no artigo 14 do RXS.

A súa finalidade é a de contribuír a unha planificación integral dos recursos públicos que incidan da maneira mais sustentable e eficiente no desenvolvemento socioeconómico do noso Concello, polo que se configura como o instrumento panca para a **mellora da xestión e seguimento das subvencións, a corrección das insuficiencias normativas e o control das condutas fraudulentas que se podan dar neste ámbito.**

É esencial para acadar **asignacións eficaces e eficientes desde esta modalidade de gasto e facer compatible a crecente importancia das políticas de subvencións coa actual orientación da política orzamentaria**, fundamentada no cumprimento do principio de estabilidade e sustentabilidade financeira, o principio de plurianualidade, o principio de transparencia, o principio de eficiencia na asignación dos recursos públicos e o principio de responsabilidade, enmarcados dentro dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.**

II. ANTECEDENTES.

O Pleno do Concello de Arteixo aprobou con data 28 de marzo de 2018 o seu primeiro Plan estratéxico de subvencións para o período 2018-2021 (BOP número 64 do 5 de abril de 2018), prorrogado durante o exercicio 2022, co obxecto de incorporar á planificación municipal os principios reitores, as liñas estratéxicas de fomento municipal e os procedementos necesarios para a súa aplicación,

avaliación e seguimento, de acordo co marco normativo regulador deste sector da actividade pública.


O desenvolvemento do PES en cifras é o seguinte:

				Obrigas Recoñecidas	Obrigas Recoñecidas	Obrigas Recoñecidas	Obrigas Recoñecidas
Política de gasto	Programa	Partida Económica	Descrición	2018	2019	2020	2021
Seguridade	132	48900	Seguridade e orde pública/ Outras subvencións	14.700,00 €	21.000,00 €	6.300,00 €	0,00 €
	135	48900	Protección Civil /Outras subvencións	260.000,00 €	260.000,00 €	260.000,00 €	260.000,00 €
			Subtotal Seguridade	274.700,00 €	281.000,00 €	266.300,00 €	260.000,00 €
Servizos Sociais	231	45000	Asistencia social primaria/ A Administración Xeral de CC. / A	0,00 €	236.669,21 €	601.696,77 €	594.123,29 €
			Asistencia social primaria a familias e institucións sen fins				
	231	48000	de lucro	129.288,44 €	153.083,52 €	70.497,77 €	0,00 €
	231	48003	Subvencións "xantar sobre rodas"	0,00 €	0,00 €	136.173,41 €	0,00 €
	231	48900	Asistencia social primaria/ Outras subvencións	78.069,22 €	47.667,35 €	33.719,77 €	49.952,22 €
	231	48903	Outras subvencións libre concorrancia	22,00 €	0,00 €	90.547,57 €	131.840,08 €
	231	48904	Outras subvencións	0,00 €	0,00 €	6.000,00 €	0,00 €
			Subtotal Servizos Sociais	207.379,66 €	437.420,08 €	938.635,29 €	775.915,59 €
Emprego	241	47000	Fomento do emprego/ Subvencións fomento do emprego	36.802,74 €	102.403,22 €	82.923,90 €	46.396,27 €
	241	48100	Premios e bolsas investigación	0,00 €	0,00 €	0,00 €	2.850,00 €
	241	48900	Fomento do emprego/ Outras subvencións	82.534,00 €	95.286,68 €	56.662,00 €	55.692,00 €
	241	48903	Outras subvencións libre concorrancia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	99.158,14 €
			Subtotal Emprego	119.336,74 €	197.689,90 €	139.585,90 €	204.096,41 €
Educación	320	45000	Administración Xeral Educación/ A Administración Xeral de CC. / A	183.287,50 €	194.550,00 €	96.300,00 €	275.100,00 €
	320	48100	Administración Xeral Educación/ Premios e becas investigación	1.300,00 €	1.400,00 €	0,00 €	0,00 €
	320	48900	Administración xeral Educación/ Outras subvencións	232.169,38 €	226.419,14 €	174.410,36 €	70.907,52 €
	320	48903	Outras subvencións libre concorrancia	0,00 €	0,00 €	81.251,54 €	107.330,77 €
			Subtotal Educación	416.756,88 €	422.369,14 €	351.961,90 €	453.338,29 €
Cultura	334	48100	Promoción cultural/ Premios e bolsas investigación	0,00 €	0,00 €	14.870,00 €	7.000,00 €
	334	48901	Promoción cultural/ A entidades culturais	21.148,73 €	59.694,69 €	50.667,04 €	22.593,52 €
	334	48903	Outras subvencións libre concorrancia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	6.418,38 €
	338	48902	Festas populares e celebracións/ A comisións de festas	54.000,00 €	96.585,84 €	0,00 €	0,00 €
			Subtotal Cultura	75.148,73 €	156.280,53 €	65.537,04 €	36.011,90 €
Deportes	341	48900	Promoción e fomento deporte/ Outras subvenciones	259.716,29 €	304.420,54 €	163.491,98 €	8.500,00 €
	341	48903	Outras subvencións libre concorrancia	0,00 €	0,00 €	40.793,31 €	173.422,62 €
			Subtotal Deportes	259.716,29 €	304.420,54 €	204.285,29 €	181.922,62 €
Serv.Xerais	924	48900	Participación cidadá/ Outras subvencións	23.470,75 €	21.554,44 €	24.147,35 €	0,00 €
	924	48903	Outras subvencións libre concorrancia	0,00 €	0,00 €	1.311.800,00 €	841.952,68 €
			Subtotal Servizos Xerais	23.470,75 €	21.554,44 €	1.335.947,35 €	841.952,68 €
TOTAL AXUDAS CORRENTES				1.376.509,05 €	1.820.734,63 €	3.302.252,77 €	2.753.237,49 €


Educación	320	78000	Administración Xeral Edificación/ A familias e institucións	104.127,10 €	96.703,83 €	7.634,42 €	49.147,26 €
			Promoción cultural/ A familias e institucións sen fins de				
	334	78000	lucro	5.650,00 €	2.029,58 €	2.240,49 €	3.213,93 €
			Subtotal Educación	109.777,10 €	98.733,41 €	9.874,91 €	52.361,19 €
Urbanismo	1522	78000	Conservación e rehabilitación de edificios/ A familias e	0,00 €	223.157,98 €	90.397,75 €	374.423,75 €
			institucións sen fins lucro				
			Subtotal Urbanismo	0,00 €	223.157,98 €	90.397,75 €	374.423,75 €
TOTAL AXUDAS DE CAPITAL				109.777,10 €	321.891,39 €	100.272,66 €	426.784,94 €

TOTAL AXUDAS	1.486.286,15 €	2.142.626,02 €	3.402.525,43 €	3.180.022,43 €
IMPORTE ORZAMENTO INICIAL CONCELLO	37.030.000,00 €	40.840.000,00 €	44.900.000,00 €	50.700.000,00 €
%AXUDAS/ ORZAMENTO INICIAL	4%	5%	8%	6%


% sobre total subvencións por POLÍTICA DE GASTO 2018




% sobre total subvencións por POLÍTICA DE GASTO 2019



% sobre total subvencións por POLÍTICA DE GASTO 2020



% sobre total subvencións por POLÍTICA DE GASTO 2021



Este primeiro documento de planificación municipal demostrou a súa operatividade para a cobertura das distintas liñas de axudas e subvencións públicas que vén desenvolvendo o Concello da Arteixo, conforme aos principios xerais de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e eficacia no cumprimento de obxectivos e de eficiencia na asignación dos recursos públicos.

Para valorar a percepción do resultado da aplicación do Plan estratéxico 2018-2021 e do contido do propio documento planificador, **abordouse un proceso de análise técnica interna e de consulta externa cos axentes sociais e económicos de Arteixo**, proceso de consulta e participación que permitiu reforzar os puntos fortes da planificación e corrixir os elementos máis febles desta ao tempo que formular unha serie de melloras metodolóxicas e, esencialmente, de definición das liñas e os obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, nun contexto de gobernanza compartida.

Así, durante o último trimestre do ano 2022 desenvóléronse unha serie de **dinámicas de grupo, de tamaño reducido, de entre 10 e 18 persoas, con entidades do terceiro sector** (acción social, culturais, deportivas, veciñais, educativas), así como co grupo técnico interdepartamental do Concello de Arteixo, conformado polo persoal responsable dos departamentos que xestionan os procedementos de subvencións municipais. Tamén se levou a cabo unha entrevista en profundidade con representantes do Centro Comercial Aberto de Arteixo, entidade que aglutina hostaleiros e comerciantes do ámbito local, así como empresas de servizos e profesionais por conta propia. Deste xeito, **todas as partes interesadas na actividade de fomento do Concello tiveron ocasión de participar na formulación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025.**

Considerando estes antecedentes, procede formular unha proposta para a aprobación do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Arteixo para o trienio 2023-2025, conforme as determinacións que se indican a continuación.

III. NORMATIVA REGULADORA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro de 2003, xeral de subvencións (RXS)
- Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e publicidade das subvencións e demais axudas públicas (BDNS)
- Orde EHA/875/2007, de 29 de marzo, pola que se determina o contido e as especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo
- Bases de Execución do Orzamento Municipal

IV.- CONTIDO DO PLAN

De acordo co establecido no artigo 12 do RXS, este Plan estratéxico terá o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos

Describen o efecto e o impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan, que teñen que estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación

Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

1. Áreas municipais de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas
2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación
3. Prazo necesario para a súa consecución
4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, nos que se detallarán as achegas das distintas Administracións públicas, da Unión Europea e doutros organismos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como as que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
5. Plan de acción, no que se concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua

Para a realización do seguimento do plan estratéxico de subvencións creárase unha mesa técnica específica conformada por unha persoa representante de cada un dos departamentos municipais que xestionan subvencións e que xa teñen participado na fase de deseño do propio plan. Tamén poderán formar parte da mesa técnica do plan estratéxico de subvencións as persoas que designe a Intervención Xeral, que se encargarán do control financeiro e económico das subvencións.

Establecerase para cada liña de subvención un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan que, recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer a situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

As xefaturas dos servizos municipais que actúen como órganos tramitadores de subvencións deberán elaborar un informe do grao de cumprimento dos indicadores de cada programa de axudas, así como da súa contribución aos obxectivos recollidos no Plan estratéxico. Este informe, que se presentará durante o primeiro semestre seguinte á finalización de cada programa de subvención, ou en todo caso, antes do final do primeiro trimestre do ano seguinte ao da execución do programa de subvención, recollerá a seguinte información:

- ✓ Detalle das subvencións convocadas, concedidas, xustificadas, aboadas, reintegradas e renuncias
- ✓ Grao de cumprimento dos obxectivos específicos: indicadores
- ✓ Custos efectivos respecto aos previstos
- ✓ Valoracións e conclusións globais
- ✓ Proposta de mellora ou modificación para a seguinte convocatoria de subvencións ou seguinte Plan estratéxico de subvencións

Con esta información facilitada polos centros xestores, a mesa técnica do PES emitirá anualmente un informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións

no que se incluíran as propostas de mellora, modificación ou supresión que se consideren oportunas para mellorar a súa eficacia.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores, nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:

- As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións.

- As subvencións que, de maneira motivada, se determinen atendendo á súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.

Conforme ás anteriores determinacións, o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Arteixo para o período 2023-2025 recolle no anexo I, para cada liña de subvención, os seguintes elementos:

- ✓ Obxectivo estratéxico e obxectivos específicos
- ✓ Áreas municipais de competencia
- ✓ Programas de subvención incluídos:
 - o Denominación
 - o Persoas ou entidades beneficiarias
 - o Obxecto ou fins xerais do programa
 - o Procedemento de concesión
 - o Ámbito temporal /prazo de execución
 - o Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores
 - o Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente
 - o Custos previsibles e fontes de financiamento
 - o Correspondencia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS-ONU).

O informe anual de avaliación do PES formará parte da documentación do orzamento anual, como anexo a este, e publicárase no portal de transparencia do Concello.

V. NATUREZA XURÍDICA

Os plans estratéxicos de subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvencións, así como das disponibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento aos devanditos obxectivos.

Con base no anterior, o contido del PES é meramente estimativo e orientativo das liñas de subvención que se conteñen nos créditos iniciais do presuposto e non vincula en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas no plan. A actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible realizarase anualmente, de acordo co disposto no artigo 14 do RXS.

VI. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan estratéxico de subvencións é o Pleno da corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional e de fomento e de xestión económica.

VII.- ÁMBITO SUBJECTIVO

O Plan estratéxico de subvencións do Concello de Arteixo inclúe tanto as subvencións concedidas directamente polo Concello a través dos seus distintos programas orzamentarios, como as concedidas pola compañía mercantil municipal Servizos Urbanos Municipais de Arteixo S.A. (Sumarte).

VIII. ÁMBITO OBXECTIVO

O Plan comprende non só as subvencións así cualificadas en cada orzamento anual municipal, senón calquera instrumento de fomento, orzamentario ou extraorzamentario, do propio sector público local de Arteixo ou de calquera axente público cofinanciador das súas políticas de fomento.

Exceptúanse do ámbito de aplicación do PES as seguintes contribucións, conforme ao disposto nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 2 e no artigo 4 da LXS:

- As achegas de diñeiro destinadas á compañía mercantil municipal Servizos Urbanos Municipais de Arteixo S.A.
- Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas de diñeiro que, en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realicen as entidades que integran a Administración local de Arteixo en favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- As subvencións aos grupos políticos municipais.
- As contribucións que se satisfagan con cargo ás clasificacións económicas do capítulo 4/7 do orzamento de gasto que amparen o recoñecemento de obrigas derivadas das prestacións realizadas por entidades públicas/privadas de servizos/obras de competencia municipal que se instrumentalizan mediante

convenios de colaboración (convenios co Consorcio de Benestar para a prestación de servizos de carácter asistencial/conciliación...).

- As contribucións que debe realizar o Concello na súa condición de socio en asociacións representativas de interese municipal (FEGAMP, FEMP...).

-O Fondo de Acción Social do persoal municipal ou os anticipos de haberes por serlles de aplicación a normativa fiscal e orzamentaria das retribucións ao traballo; nin tampouco o uso gratuíto por entidades sociais de bens inmoables do patrimonio municipal ao resultarlles de aplicación a ditas cesións a normativa patrimonial.

IX.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, polo que abrangue o período 2023-2025, dende o 1 de xaneiro do ano 2023 ata o 31 de decembro do ano 2025, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención teñan unha vixencia inferior.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, poderán modificarse, substituírse ou suprimirse determinadas liñas de subvencións.

Dentro de cada liña poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Se con ocasión das modificacións orzamentarias se pretendese introducir algunha liña de subvención non prevista no PES, deberá previa ou simultaneamente modificarse este.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes desta permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente.

Finalizada a vixencia do PES, poderá prorrogarse anualmente de xeito excepcional mentres o Pleno Municipal non proceda á aprobación dun novo plan trianual, acomodándose en todo caso ás previsións do orzamento municipal e das súas bases de execución.

X. MARCO DE ESTABILIDAD ECONÓMICO FINANCIERA

O artigo 31.2 da Constitución Española sinala que o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía. Doutra banda, o artigo 135 da Constitución dispón que *“todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria”*.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira sinala, no seu artigo 3 e seguintes, os principios que han de rexer a actividade económica pública, entre os que se contan o de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, transparencia e eficiencia

na asignación e utilización de recursos públicos. En concreto, o seu artigo 7 sinala que:

“1. As políticas de gasto público deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

3. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Pola súa banda, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS) sinala, na súa exposición de motivos, que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta con medidas de apoio financeiro a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas. No seu artigo 8.3 recolle os principios xerais polos que ha de rexerse a xestión das subvencións:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Ademais, o mesmo artigo 8.1 da citada Lei establece que *“os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.* Esta regulación foi desenvolta polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Mediante Sentenza do TC do 4 de xuño de 2013, declarouse a constitucionalidade do citado artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións- LGS-, procedéndose, por tanto, á aplicación respecto a devandito artigo da xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo (Sentenzas do 4 de decembro de 2012, do 26 de xuño de 2012, do 28 de xaneiro de 2013, de EDJ 2013/6647 do 16 de abril de 2013), que considera que devandito precepto ten carácter básico e chega ás seguintes conclusións:

- ✓ O Plan Estratéxico ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención; e o precepto é imperativo e categórico, sendo un requisito esencial e previo á regulación da subvención, de tal forma que require unha formalización ou instrumentalización externa.
- ✓ En todo caso, a concesión de subvencións debe supeditarse ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Téñase en conta que se suspenderon as regras fiscais para o exercicio 2023 en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 26 de xullo de 2022, aprobado polo Congreso dos Deputados en sesión do 22 de setembro de 2022, non sendo, por tanto, esixible a observancia dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda nin a regra de gasto, é por iso que devandito estudo trasladarase na consignacións orzamentarias das distintas liñas de subvención e/o nas súas convocatorias cando se poida analizar as repercusións das accións de fomento na estabilidade orzamentaria.

É necesario engadir que con carácter xeral a acción de fomento non implica máis repercusión que a do propio gasto dado que como se establece na súa definición non conleva ningunha contraprestación por parte do beneficiario, nin é fonte de obrigacións accesorias trasladable a exercicios futuros.

Tal e como se indica na cláusula IV do presente documento “Natureza Xurídica”, o establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos e todo iso, de acordo co disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Para estes efectos, o PES, como se indica na anterior cláusula VIII “Ámbito Temporal”, terá unha duración trianual durante os exercicios económicos 2023, 2024 e 2025, sen prexuízo da súa eventual prórroga anual mentres non se proceda á aprobación dun novo Plan.

Por tanto, e a efectos da necesaria programación económico-financeira dentro do marco de estabilidade orzamentaria, os importes dos compromisos orzamentarios que para cada liña de subvención, axuda ou convenio recóllense no Anexo I do presente Plan para o exercicio 2023 serán, previsiblemente, os que tamén serán obxecto de previsión orzamentaria máxima para cada un dos seguintes exercicios 2024 e 2025, así como durante a súa eventual prórroga anual.

XI. PRINCIPIOS XERAIS

- a) Legalidade: a súa finalidade é axustar todo o procedemento ao bloque normativo de aplicación, tanto no que se refire ás subvencións como ás regras de sustentabilidade e estabilidade do gasto público.
- b) Publicidade: a finalidade é garantir a publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas, sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido ao respecto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nas bases de execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.

- c) Libre concorrencia: o devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios. Non se restrinxirá o acceso a quen se atope en igualdade de condicións e garantirase a concorrencia e a igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coas dispoñibilidades orzamentarias.
- d) Obxectividade: a concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria, coa finalidade de garantir o coñecemento previo destes polos potenciais beneficiarios.
- e) Transparencia, igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: materialízase coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.
- f) Principios de eficacia e eficiencia: eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e a eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos máis eficientes. Deberanse xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.
- g) Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

XII. OBXECTIVOS

A) OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Obxectivos prioritarios son aqueles obxectivos que buscan o cumprimento dunha finalidade pública relacionada coas competencias locais. Como elemento estruturador das políticas municipais de fomento do Concello de Arteixo, a planificación de subvencións aséntase sobre tres obxectivos prioritarios:

- a) Fomentar e impulsar todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, colaborando no desenvolvemento e o fomento de actividades de escaso rendemento económico.
- b) Potenciar a creación de redes asociativas e de participación cidadá na actuación municipal.
- c) Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.

B) OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos son os que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do Concello. Estes

obxectivos, que se desagregan en diferentes obxectivos específicos, describen o efecto que se pretende lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do Plan.

Para a definición dos obxectivos partiuse da análise das liñas e programas de subvención dos catro exercicios orzamentarios anteriores -período abarcado polo plan estratéxico de subvencións 2019-2021, máis a súa prórroga-, así como dos propios obxectivos e liñas de subvención contemplados no citado plan. Ditos obxectivos e liñas de subvención foron analizados a través dun proceso específico de consulta e participación que facilitou o reforzo dos puntos fortes da planificación da actividade de fomento, corrixir os elementos máis febles e formular os obxectivos estratéxicos e específicos da citada actividade de fomento do municipio para o período 2023-2025, nun contexto de gobernanza compartida no que se deu cabida a todas as partes interesadas. A través de dinámicas grupais y entrevistas, tanto o persoal técnico municipal responsable dos distintos servizos como os representantes dos principais axentes sociais e económicos do municipio tiveron ocasión de participar na formulación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025 do Concello de Arteixo.

OE 1. BENESTAR E PROTECCIÓN SOCIAL

Promover o benestar de todas as persoas, con especial atención ás que teñen necesidades especiais, e dotar de cobertura as súas necesidades vitais e esenciais, promover a súa inclusión e mellorar a súa calidade de vida.

OE 2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Apoiar, promover e contribuír á igualdade real e efectiva de todas as persoas, en especial a igualdade entre homes e mulleres. Previr e loitar contra a violencia de xénero ata conseguir a súa extinción.

OE 3. CULTURA E ACTIVIDADE SOCIAL

Apoiar e promover a cultura nas súas diversas manifestacións. Promover a participación da cidadanía no desenvolvemento municipal e potenciar a participación veciñal e das asociacións na promoción de actividades de interese público.

OES 4. EDUCACIÓN E DEPORTE

Apoiar a comunidade educativa no seu labor, favorecer o acceso á educación en igualdade e incentivar a práctica deportiva e a actividade física en todos os ámbitos sociais.

OES 5. PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Dinamizar a actividade económica e empresarial no municipio para facilitar a inserción laboral de todas as persoas e a súa cualificación profesional.

OES 6. PROTECCIÓN CIDADÁ E DO CONTORNO

Promover a calidade de vida, construíndo un entorno seguro para toda a cidadanía.

OES 7. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, RURAL E URBANA

Contribuír á sostibilidade ambiental promovendo a conservación do medio natural e apoiando accións que reduzan as emisións á atmosfera.

Na táboa seguinte detállanse os 7 obxectivos estratéxicos do PES 2023-2025 do Concello de Arteixo e seus correspondentes obxectivos específicos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
OE1. BENESTAR E PROTECCIÓN SOCIAL	OES1.1 Proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas
	OES1.2. Dotar de cobertura ás necesidades dos menores en situación de desprotección e vulnerabilidade
	OS 1.3 Favorecer a inclusión social e laboral de todas as persoas
	OES 1.4 Facilitar a atención sociosanitaria das persoas dependentes e con necesidades especiais
	OES 1.5 Atender as necesidades das persoas maiores, con especial atención ás que están en situación de soidade no desexada
OE2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	OES 2.1 Favorecer a conciliación da vida persoal, familiar E laboral
	OES 2.2. Favorecer a implementación de plans e medidas de igualdade de oportunidades en todos os ámbitos
	OES 2.3. Potenciar a implementación de medidas de prevención e loita contra a violencia de xénero
	OES 2.4. Atender ás necesidades das personas vítimas de violencia de xénero
OE3. CULTURA E ACTIVIDADE SOCIAL	OES3.1. Estimular a creación cultural e as artes escénicas
	OES3.2. Promover o acceso cidadán á programación cultural
	OES3.3. Fortalecer e fomentar o movemento e o tecido asociativo local nos diferentes ámbitos
	OES3.4. Fomentar o asociacionismo xuvenil mediante programas de apoio e dinamización
OE4. EDUCACIÓN E DEPORTE	OES4.1. Fomentar as actividades educativas de carácter complementario, creando comunidade entre pais, nais e escolas
	OES4.2. Favorecer a innovación pedagóxica ao colaborar cos proxectos educativos nos distintos niveis de ensino.
	OES4.3. Apoiar o acceso á educación en condicións de igualdade nos diferentes niveis educativos

	OES4.4. Facilitar e estimular o acceso cidadán á actividade físico-deportiva OES4.5. Apoiar ás entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado
OE5. PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	OE5.1. Apoiar o inicio da actividade empresarial en sectores de nova implantación, así como novas iniciativas emprendedoras de sectores xa implantados en Arteixo OE5.2. Fomentar o emprego nos distintos sectores para facilitar a incorporación de mozos e mozas, con especial atención ás profesións con maior demanda OE5.3. Impulsar o desenvolvemento do comercio local
OE6 PROTECCIÓN CIUDADÁ E DO CONTORNO	OE6.1. Garantir a dotación de servizos de salvamento e socorrismo en praias. OE6.2. Garantir a existencia de itinerarios peonís seguros en contornos escolares.
OE7. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, RURAL E URBANA	OE7.1. Impulsar a eficiencia enerxética no municipio OE7.2. Protección ambiental do municipio

Os 7 obxectivos estratéxicos do PES 2023-2025 de Arteixo vincúlanse, á súa vez, tanto cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas como cos obxectivos das Axendas Urbanas Internacionais, a Axenda Urbana Española e a Axenda Urbana de Arteixo, actualmente en elaboración.

Os ODS son 17 grandes obxectivos formulados e adoptados no ano 2015 polos Estados Membro de Nacións Unidas para servir de guía ao marco de actuación dos poderes públicos para “erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sostible”.

O Plan de Acción da Axenda 2030 foi aprobado polo goberno de España en xuño de 2018 e parte da análise e diagnose da situación dos ODS en España para, a partir de aí propoñer unha serie de accións en forma de políticas públicas, medidas, gobernanza, seguimento e avaliación, a través das cales se pon en marcha a Axenda 2030. Unha das políticas máis relevantes identificada polo goberno de España como unha das súas políticas panca, orientada a acelerar a implementación dos ODS, é a Axenda Urbana Española. A Axenda Urbana Española é un documento estratéxico de referencia, elaborado de acordo coa visión estratéxica e os retos definidos na Axenda 2030 e nas dúas Axendas Urbanas Internacionais aprobadas no 2016, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana Europea. O Concello de Arteixo está actualmente elaborando o seu plan de acción local da Axenda Urbana Española -Axenda Urbana de Arteixo-cuxos obxectivos estratéxicos e específicos, así como o seu modelo de gobernanza, serven de marco tanto para o deseño como para a futura

actualización do presente plan estratéxico de subvencións e os seus plans de acción anuais.

Para acadar estes 7 obxectivos e os seus correspondentes obxectivos específicos poñeranse en marcha distintas liñas de subvención e programas de axuda, que se describen no anexo I ao presente documento.

XIII.- PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN

O Concello de Arteixo e os seus entes dependentes concederán axudas, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrència competitiva ou, excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou o comportamento, que se atopen na situación que motiva a subvención.

As subvencións financiarán finalidades que se correspondan con actividades do ámbito das competencias locais.

Os procedementos na concesión de subvencións serán os seguintes:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrència competitiva, que constituirá o procedemento ordinario.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento, que se instrumentarán mediante a tramitación do correspondente convenio.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e que se instrumentarán mediante a tramitación do correspondente convenio.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan establecidas por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Nas correspondentes bases da convocatoria da subvención, deberase de recoller o procedemento axeitado a cada liña de subvención.

XIV. PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual e o período elixible para os efectos de xustificación será o ano natural, sen prexuízo de que os programas ou plans poidan ter un carácter plurianual.

Nos supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou pola modificación do período elixible, deberase recoller nas correspondentes bases da convocatoria, ou do convenio se

fose nominativa ou de concesión directa por razóns de interese público, cultural ou deportivo, a obriga de dar cumprimento anual aos requisitos que establece a lexislación vixente.

As bases da convocatoria deberán fixar o prazo de xustificación, que estará sometido ás normas que establezan a Ordenanza xeral de subvencións e as bases de execución dos orzamentos municipais anuais.

XV. FINANCIAMENTO E PAGO ANTICIPADO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, poderanse realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á axuda. A devandita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora de cada subvención e nas bases das diferentes convocatorias. En función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto que se vai subvencionar, dos destinatarios e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderase, de forma motivada, establecer a posibilidade de pagos anticipados.

XVI. CONTROL, SEGUIMIENTO E TRANSPARENCIA

O control e o seguimento do presente Plan estratéxico de subvencións do Concello de Arteixo realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención Xeral do Concello de Arteixo e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente a través dos correspondentes plans de control financeiro.

- Control e seguimento do Plan, que será recompilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte da mesa técnica do plan estratéxico de subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte unha memoria de avaliación. A Intervención analizará en informe independente, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e do cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan estratéxico de subvencións da anualidade correspondente, indicando o grao de execución e a súa relevancia respecto da análise xeral.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas, programas de axuda e convocatorias, publicaranse durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, darase publicidade no portal de transparencia do Concello tanto ás convocatorias como a todas as

subvencións concedidas, en cada unha das súas liñas, programas de axuda e convenios que regulen liñas de subvención, sen prexuízo da publicación na Base Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Se algunha subvención outorgada, por razón de contía, non estivese contida no PES, será igualmente publicada no portal de transparencia.

XVII. ACTUALIZACIÓN.



O artigo 14.1 do Regulamento Xeral de Subvencións establece que “anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible”. Así, cada ano realizarase a **actualización do plan nos primeiros meses de cada exercicio orzamentario, tendo en conta as previsións orzamentarias aprobadas e definidas as aplicacións dos capítulos IV e VII**. Con esta finalidade, os servizos xestores, remitirán á Intervención Municipal, antes de iniciar a actividade subvencional de cada exercicio económico, un documento de actualización das liñas e programas de subvención incluídas no PES 2023-2025, co fin de que poda ser elaborado polo citado órgano o correspondente plan de acción anual.

O plan actualizado, xunto co informe anual de seguimento cumprimento dos indicadores mencionado no apartado III, deberá enviarse para a súa aprobación polo órgano competente antes do final do primeiro trimestre de cada ano.

Cifras do plan estratéxico de subvencións de Arteixo.

Tómase como referencia a anualidade de 2023, sendo coincidentes as previsións para as anualidades 2024 e 2025.

Política Gasto	OBXCETIVO ESTRATÉXICO		Importe	% sobre total subvencións	Libre Concorren- cia	% Libre concorren- cia	Nominati- va	% Nomin- at
Servicios Sociais	OE 1	Benestar e Protección Social	390.000,00 €	17%	300.000,00 €	77%	90.000,00 €	23%
	OE 2	Igualdade Oportunidades e Loita contra a Violencia Xénero	87.000,00 €	4%	87.000,00 €	100%		0%
Cultura	OE 3	Cultura e Actividade Social	193.500,00 €	8%	155.000,00 €	80%	38.500,00 €	20%
Educación	OE 4	Fomento e Apoio á Educación	478.850,00 €	21%	363.700,00 €	76%	115.150,00 €	24%
Deporte	OE 4	Promoción do Deporte	317.000,00 €	14%	282.000,00 €	89%	35.000,00 €	11%
Emprego	EO 5	Emprego	220.000,00 €	10%	220.000,00 €	100%		0%
Seguridade	OE 6	Protección cidadá e do entorno	320.000,00 €	14%	- €	0%	320.000,00 €	100%
Urbanismo	OE 7	Sostibilidade Ambiental, Rural e Urbana	300.000,00 €	13%	300.000,00 €	100%	- €	100%
TOTAL PES			2.306.350,00€	100%	1.707.700,00 €	74%	898.650,00 €	39%



ANEXO I. LIÑAS E PROGRAMAS DE SUBVENCIÓN 2023

PES ARTEIXO 2023			
OBJ ETIVO ESTRATÉGICO	LIÑAS DE SUBVENCIÓN	PROGRAMAS DE AXUDA	ÁREA MUNICIPAL DE COMPETENCIA
OE1. BENESTAR E PROTECCIÓN SOCIAL	LIÑA 1.1. PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	1.1.1 Axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional ou dependencia acreditada.	SERVIZOS SOCIAIS
		1.1.2 Convenio con ASPACE	
		1.1.3 Convenio con ADACECO	
	LIÑA 1.2. SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	1.2.1 Axudas económicas de emerxencia social	SERVIZOS SOCIAIS
		1.2.2 Convenio con Cáritas Parroquial de Arteixo	
	LIÑA 1.3. PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN	1.3.1 Convenio coa Asociación AGARIMO	SERVIZOS SOCIAIS
		1.3.2 Convenio con APEM	
OE2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	LIÑA 2.1. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	2.1.1 Programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero	CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER
OE3. CULTURA E ACTIVIDADE SOCIAL	LIÑA 3.1. ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIAL	3.1.1 Programa de subvencións destinadas ao fomento da convivencia	PARTICIPACIÓN CIDADÁ
		3.2.1 Subvencións destinadas a equipamentos e actividades culturais	
	LIÑA 3.2. PROMOCIÓN CULTURAL	3.2.2 Subvencións destinadas á organización de festas parroquiais en Arteixo	CULTURA
		3.2.3 Convenio coa Banda de Música Santiago de Arteixo	
		3.2.4 Convenio coa Asociación Xuvenil Xiradela	
		3.2.5 Premios e concursos para promocionar as artes e as tradicións populares	
OE4. EDUCACIÓN E DEPORTE	LIÑA 4.1. FOMENTO E APOIO Á EDUCACIÓN	4.1.1 Programa de subvencións para actividades e equipamentos educativos	EDUCACIÓN
		4.1.2 Axuda ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorios e non obrigatorios en centros sostidos con fondos públicos.	
		4.1.3 Convenio coas ANPA	
		4.1.4 Arteixo Innovación	
	LIÑA 4.2. PROMOCIÓN DO DEPORTE	4.2.1 Programa de subvencións destinadas á actividade física e deportiva	DEPORTES
		4.2.2 Programa de promoción do deporte federado	
OE5. PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	LIÑA 5.1. CREACIÓN DE EMPRESAS E EMPREGO	5.1.1 Programa de axudas para o fomento do emprego	PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
	LIÑA 5.2. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL	5.2.2 Programa de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes do Concello de Arteixo.	PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
OE6. PROTECCIÓN CIDADÁ E DO CONTORNO	LIÑA 6.1. PROTECCIÓN CIDADÁ	6.1.1 Programa de salvamento e socorrismo nas praias	PROTECCIÓN CIVIL
OE7. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E URBANA	LIÑA 7.1. ACCESIBILIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA	7.1.1 Programa de subvencións de accesibilidade e eficiencia enerxética	URBANISMO

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. BENESTAR E PROTECCIÓN SOCIAL

LIÑA 1.1. PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Obxectivos específicos:

- ✓ Proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas.
- ✓ Facilitar a atención sociosanitaria das persoas dependentes e con necesidades especiais.
- ✓ Atender as necesidades das persoas maiores, con especial atención ás que estean en situación de soidade non desexada.

A. Áreas municipais de competencia: servizos sociais

B. Programas de subvención incluídos na liña 1.1:

PROGRAMA 1.1.1: AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL OU DEPENDENCIA ACREDITADA.

Persoas ou entidades beneficiarias: persoas residentes en Arteixo gravemente afectadas na súa mobilidade.

Obxecto ou fins xerais do programa: facilitarles o uso dun medio alternativo de transporte ás persoas gravemente afectadas na súa mobilidade.

Procedemento de concesión: concorrència competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de persoas beneficiarias
- ✓ % solicitudes con axuda sobre total
- ✓ Importe medio/persoa

Partida orzamentaria: 231.48900

Custos previsibles: 55.000,00 €

Fontes de financiamento: fondos propios

Correspondencia cos ODS:

ODS10: Redución das desigualdades en e entre os países

ODS3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades.

PROGRAMA 1.1.2: CONVENIO CON ASPACE**Persoas ou entidades beneficiarias:** ASPACE**Obxecto ou fins xerais do programa:** apoio psicolóxico, alimentación texturizada, actividades lúdico-deportivas e outras terapias dirixidas a persoas de Arteixo usuarias de ASPACE.**Procedemento de concesión:** nominativa**Prazo de execución:** anual**Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:**

- ✓ Número de persoas beneficiarias
- ✓ Importe medio/persoa

Partida orzamentaria: 231.48900**Custos previsibles:** 10.000,00 €**Fontes de financiamento:** fondos propios**Correspondencia cos ODS:**

ODS10: Redución das desigualdades en e entre os países

ODS3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades.

PROGRAMA 1.1.3: CONVENIO CON ADACECO**Persoas ou entidades beneficiarias:** ADACECO**Obxecto ou fins xerais do programa:** atención neuropsicolóxica, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e outras terapias dirixidas a persoas con dano cerebral adquirido.**Procedemento de concesión:** nominativa**Prazo de execución:** anual**Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:**

- ✓ Número de persoas beneficiarias
- ✓ Importe medio/persoa

Partida orzamentaria: 231.48900**Custos previsibles:** 10.000,00 €**Fontes de financiamento:** fondos propios**Correspondencia cos ODS:**

ODS10: Redución das desigualdades en e entre os países

ODS3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades.

LIÑA 1.2. SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas.
- ✓ Dotar de cobertura ás necesidades das persoas menores en situación de desprotección e vulnerabilidade.

B. Áreas municipais de competencia: servizos sociais

C. Programas de subvención incluídos na liña 1.2:

PROGRAMA 1.2.1: AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Persoas ou entidades beneficiarias: persoas e familias sen capacidade económica para cubrir as súas necesidades vitais básicas.

Obxecto ou fins xerais do programa: proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas de persoas e familias sen recursos suficientes para atendelas.

Procedemento de concesión: libre concorrencia

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de persoas beneficiarias pola acción
- ✓ Importe medio/ persoa

Partida orzamentaria: 231.48903

Custos previsibles: 245.000,00 €

Fontes de financiamento: fondos propios

Correspondencia cos ODS:

ODS1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo

ODS2: Poñer fin á fame

PROGRAMA 1.2.2: CONVENIO CON CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO

Persoas ou entidades beneficiarias: Cáritas Parroquial de Arteixo

Obxecto ou fins xerais do programa: proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas de persoas e familias sen recursos suficientes para atendelas.
Procedemento de concesión: nominativa
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de persoas beneficiarias pola acción
Partida orzamentaria: 231.48900
Custos previsibles: 10.000,00 €
Fontes de financiamento: fondos propios
Correspondencia cos ODS: ODS1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo ODS2: Poñer fin á fame

LIÑA 1.3. PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Favorecer a inclusión social e laboral de todas as persoas

B. Áreas municipais de competencia: servizos sociais

C. Programas de subvención incluídos na liña 1.3:

PROGRAMA 1.3.1: CONVENIO COA ASOCIACIÓN AGARIMO
Persoas ou entidades beneficiarias: Asociación AGARIMO
Obxecto ou fins xerais do programa: Atender as persoas mozas pertencentes aos grupos menos favorecidos desde o punto de vista social, cultural e económico, coa finalidade de proporcionarlles unha formación integral que lles facilite a súa integración social e laboral. Realizar o mantemento e o acondicionamento de instalacións
Procedemento de concesión: nominativa
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de persoas beneficiarias pola acción ✓ Importe medio/persoa
Partida orzamentaria: 320.48900
Custos previsibles: 48.000,00 €

Fontes de financiamento: fondos propios
Correspondencia cos ODS:
ODS1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo
ODS4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos
ODS10: Redución das desigualdades en e entre os países

PROGRAMA 1.3.2: CONVENIO CON APEM
Persoas ou entidades beneficiarias: APEM
Obxecto ou fins xerais do programa: mantemento do centro de rehabilitación psicosocial e laboral ocupacional de nova implantación en Arteixo.
Procedemento de concesión: nominativa
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:
✓ Número de persoas ocupadas
Partida orzamentaria: 231.48900
Custos previsibles: 12.000,00 €
Fontes de financiamento: fondos propios
Correspondencia cos ODS:
ODS10: Redución das desigualdades en e entre os países
ODS3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

LIÑA 2.1. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- ✓ Favorecer a implantación de plans e medidas de igualdade de oportunidades en todos os ámbitos.
- ✓ Potenciar a implantación de medidas de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- ✓ Atender as necesidades das persoas vítimas de violencia de xénero.

B. Áreas municipais de competencia: Centro de Información á Muller

C. Programas de subvención incluídos na liña 2.1:

PROGRAMA 2.1.1: PROGRAMAS DE IGUALDADE E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Persoas ou entidades beneficiarias: entidades locais sen ánimo de lucro

Obxecto ou fins xerais do programa: realización ou mantemento de actividades e programas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, sempre e cando supoñan melloras ou complementen a intervención propia do Concello.

Procedemento de concesión: concorrència competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de entidades beneficiarias
- ✓ Número de programas/actuacións en materia de igualdade de oportunidades postas en marcha
- ✓ Número de programas/actuacións de loita contra a violencia de xénero postas en marcha

Partida orzamentaria: 231.48900

Custos previsibles: 12.000,00 €

Fontes de financiamento: fondos propios
Correspondencia cos ODS: ODS5: Igualdade de xénero

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. CULTURA E ACTIVIDADE SOCIAL

LIÑA 3.1. ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIAL

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Fortalecer e fomentar o movemento e o tecido asociativo local nos diferentes ámbitos
- ✓ Cohesionar socialmente o municipio

B. Áreas municipais de competencia: Participación cidadá

C. Programas de subvención incluídos na liña 3.1:

PROGRAMA 3.1.1: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONVIVENCIA.

Persoas ou entidades beneficiarias: asociacións de veciñanza constituídas como tales ou agrupacións de asociacións de veciñanza e con ámbito de actuación no Concello de Arteixo

Obxecto ou fins xerais do programa: colaborar co tecido asociativo municipal para o fomento da participación da cidadanía no desenvolvemento de actividades de ocio e programas de participación e dinamización de interese xeral para a veciñanza, dentro dalgún dos seguintes bloques de actividade:

-Programas e actividades que favorezan a participación: actividades de animación destinadas ao fomento da convivencia, interrelación das persoas e integración na vida da comunidade, e promoción e fomento do asociacionismo.

-Formación: talleres, cursos, charlas, coloquios, conferencias, saídas e excursións de fomento da convivencia

Procedemento de concesión: concorrencia competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de asociacións beneficiarias
- ✓ Importe medio de axuda por asociación
- ✓ Número de programas/actuacións en materia de animación
- ✓ Número de programas/actuacións de carácter formativo

✓ Número de persoas participantes nas distintas actuacións subvencionadas
Partida orzamentaria: 924.48900
Custos previsibles: 75.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

LIÑA 3.2. PROMOCIÓN CULTURAL

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Estimular a creación cultural e as artes escénicas.
- ✓ Promover o acceso cidadán á programación cultural

B. Áreas municipais de competencia: Cultura

C. Programas de subvención incluídos na liña 3.2:

PROGRAMA 3.2.1: SUBVENCÍONS DESTINADAS A EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS
Persoas ou entidades beneficiarias: entidades legalmente constituídas. Excepcionalmente, poderán presentar solicitudes de subvención para programas considerados de especial relevancia as comunidades veciñais, os comités organizadores e as persoas físicas que cumpran os requisitos.
Obxecto ou fins xerais do programa: apoiar as entidades sen ánimo de lucro de Arteixo na creación ou mantemento de actividades, así como na dotación de equipamentos para as programacións que desenvolvan en materia de cultura
Procedemento de concesión: concorrência competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de entidades/persoas beneficiarias ✓ Importe medio de axuda por entidade ✓ Número de actividades subvencionadas ✓ Número de equipamentos subvencionados
Partida orzamentaria: Actividades: 334.48903 Equipamentos: 334.78000
Custos previsibles:

Actividades culturais: 31.400 €
Equipamentos culturais: 10.000 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

PROGRAMA 3.2.2: SUBVENCIÓNS DESTINADAS A EQUIPAMENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS

Persoas ou entidades beneficiarias: entidades legalmente constituídas (asociacións e comisións de festas). Excepcionalmente, poderán presentar solicitudes de subvención as comunidades veciñais, os comités organizadores e as persoas físicas que cumpran os requisitos

Obxecto ou fins xerais do programa: apoiar as comisións de festas e entidades locais de Arteixo na organización dos festexos populares tradicionais de cada parroquia.
Modalidades: (1) festas catalogadas como patronais ou asimiladas (unha por lugar ou parroquia) dentro do calendario festivo tradicional e (2) festas catalogadas como non patronais, romarías ou asimiladas dentro do calendario festivo tradicional.

Procedemento de concesión: concorrencia competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de entidades/persoas beneficiarias
- ✓ Importe medio de axuda por entidade
- ✓ Número de festas patronais subvencionadas
- ✓ Número de festas non patronais subvencionadas
- ✓ % de parroquias que celebran festas subvencionadas

Partida orzamentaria: 338.48902

Custos previsibles: 125.000 €

Fontes de financiamento: orzamento municipal

Correspondencia cos ODS:

ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

PROGRAMA 3.2.3: CONVENIO COA BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO

Persoas ou entidades beneficiarias: Banda de Música Santiago de Arteixo
Obxecto ou fins xerais do programa: satisfacer os intereses culturais e inquietudes musicais do Concello e dos seus veciños, mediante un dobre labor, sociocultural e educativo, así como contribuír á conservación do patrimonio musical municipal.
Procedemento de concesión: nominativa
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de actuacións da banda durante o período de vixencia da subvención
Partida orzamentaria: 334.48901
Custos previsibles: 30.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

PROGRAMA 3.2.4: CONVENIO COA ASOCIACIÓN XUVENIL XIRADELA
Persoas ou entidades beneficiarias: Asociación Xuvenil Xiradela
Obxecto ou fins xerais do programa: actuacións para difundir e apoiar as tradicións culturais e a celebración de concurso de música tradicional e o Día da Muiñeira
Procedemento de concesión: nominativa
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de actuacións durante o período de vixencia da subvención
Partida orzamentaria: 334.48901
Custos previsibles: 8.500,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

PROGRAMA 3.2.5: PREMIOS E CONCURSOS PARA PROMOCIONAR AS ARTES E AS

TRADICIÓN POPULARES
Persoas ou entidades beneficiarias: as que se establezan nas bases dos concursos en cada caso.
Obxecto ou fins xerais do programa: (1) concurso de narracións breves Manuel Murguía, (2) concurso de Maíos e (3) concurso de Entroido
Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de premios outorgados durante o período de vixencia da subvención ✓ Importe medio de premio por concurso
Partida orzamentaria: 334.48100
Custos previsibles: 20.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS11. Lograr cidades e comunidades sostibles

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4. EDUCACIÓN E DEPORTE

LIÑA 4.1. FOMENTO E APOIO Á EDUCACIÓN

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Fomentar as actividades educativas de carácter complementario, creando comunidade entre pais, nais e escolas.
- ✓ Favorecer a innovación pedagóxica, colaborando cos proxectos educativos nos distintos niveis de ensino.
- ✓ Apoiar o acceso á educación en condicións de igualdade nos diferentes niveis educativos.

B. Áreas municipais de competencia: Educación

C. Programas de subvención incluídos na liña 4.1:

PROGRAMA 4.1.1: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES E EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS.

Persoas ou entidades beneficiarias: entidades da comunidade educativa legalmente constituídas que cumpran os requisitos establecidos así como os consellos escolares dos centros dos distintos niveis educativos de Arteixo

Obxecto ou fins xerais do programa: desenvolvemento de actividades de conservación, promoción e divulgación dos valores educativos, especialmente dos que resulten da súa pertenza á comunidade galega e/o ao concello de Arteixo. Subvenciónase tanto a organización das actividades como os equipamentos, materiais e medios de carácter non funxible e inventariable necesarios para o desenvolvemento das devanditas actividades.

Procedemento de concesión: concorrència competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de entidades beneficiarias para actividades
- ✓ Número de entidades beneficiarias para equipamentos
- ✓ Importe medio de axuda para actividades
- ✓ Importe medio de axuda para equipamentos
- ✓ % de axudas concedidas sobre o total de solicitadas.

Partida orzamentaria:

Actividades: 320.48903
Equipamento educativo: 320.78000
Custos previsibles:
Actividades: 5.000,00 €
Equipamento educativo: 5.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS4: Educación inclusiva, equitativa e de calidade
ODS5: Igualdade entre xéneros.

PROGRAMA 4.1.2: AXUDA AO ESTUDO PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS NOS NIVEIS OBRIGATORIOS E NON OBRIGATORIOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Persoas ou entidades beneficiarias:

Liña 1. Familias empadroadas no Concello de Arteixo, con descendentes ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos do termo municipal que sexan usuarios do servizo de comedor. Familias con descendentes escolarizados en centros sostidos con fondos públicos doutros

concellos cando a asistencia a ese centro estea xustificada por causas extraordinarias debidamente acreditadas.

Liña 2. Familias empadroadas no concello de Arteixo con menores de idade ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos en nivel de ensino infantil (cursos 4º, 5º e 6º).

Liña 3. Estudantes de bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas musicais e estudos universitarios en centros públicos no territorio galego, empadroados no concello de Arteixo. Non poderán solicitar estas axudas estudantes que vivan a unha distancia menor o igual a 2 km do centro de ensino ou do lugar onde realicen as prácticas no caso de FP básica dual.

Obxecto ou fins xerais do programa:

Liña 1. Axudas para comedor escolar

Liña 2. Axudas para adquisición de libros e material didáctico
Liña 3. Axudas á mobilidade para estudantes
Procedemento de concesión: concorrència competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de familias beneficiarias de axudas para comedor escolar ✓ Número de familias beneficiarias de axudas para libros e material didáctico ✓ Número de estudantes beneficiarios de axudas á mobilidade
Partida orzamentaria: 320.48903
Custos previsibles: 248.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS4: Educación inclusiva, equitativa e de calidade ODS5: Igualdade entre xéneros

PROGRAMA 4.1.3: CONVENIO COAS ANPA
Persoas ou entidades beneficiarias: ✓ ANPA CEIP Ponte dos Brozos ✓ ANPA CEIP Novo Arteixo ✓ ANPA CEIP Barrionovo ✓ ANPA CEIP San Xosé Obreiro ✓ ANPA O Loureiro
Obxecto ou fins xerais do programa: xestión de comedores escolares e outros servizos de conciliación nos centros
Procedemento de concesión: subvencións nominativas
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ N.º de entidades beneficiarias ✓ N.º de escolares atendidos nos comedores escolares
Partida orzamentaria: 320.48900
Custos previsibles: ✓ ANPA CEIP Ponte dos Brozos: 10.200 €

✓ ANPA CEIP Novo Arteixo: 10.200 € ✓ ANPA CEIP Barrionovo: 2.500 € ✓ ANPA CEIP San Xosé Obreiro: 8.250,00 € ✓ ANPA O Loureiro: 2.500,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS4: Educación inclusiva, equitativa e de calidade

PROGRAMA 4.1.4: ARTEIXO INNOVACIÓN
Persoas ou entidades beneficiarias: CEIPS, EEI e IES de Arteixo
Obxecto ou fins xerais do programa: Adquisición e mantemento de equipos necesarios para o desenvolvemento de programas de innovación pedagóxica nos centros educativos de Arteixo.
Procedemento de concesión: subvencións nominativas e en concorrencia competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ N.º de entidades beneficiarias ✓ N.º de programas educativos de innovación pedagóxica desenvolvidos ✓ N.º de rapaces e rapazas participantes nos programas educativos de innovación pedagóxica
Partida orzamentaria: Subvencións nominativas: 320.48900 Subvencións en concorrencia competitiva: 320.78000
Custos previsibles: Subvencións en concorrencia competitiva: 105.000,00€ Subvencións nominativas: ✓ CEIP Ponte dos Brozos: 23.000,00 € ✓ CEIP San Xosé Obreiro: 10.000,00 € ✓ CEIP Arteixo: 5.000,00 € ✓ CEIP Galán: 5.000,00 € ✓ IES Sabón: 14.000,00 € ✓ IES Pastoriza: 14.000,00 € ✓ IES Manuel Murguía: 5.000,00 € ✓ EEI Barrionovo: 2.000,00 € ✓ EEI Vilarodís: 2.000,00 €

✓ EEI A Lagoa: 500,00 € ✓ EEI Larín: 500,00 € ✓ EEI Rorís: 500,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS4: Educación inclusiva, equitativa e de calidade

LIÑA 4.2. PROMOCIÓN DO DEPORTE

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Facilitar e estimular o acceso cidadán á actividade físico-deportiva.
- ✓ Apoiar as entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado.

B. Áreas municipais de competencia: Deportes

C. Programas de subvención incluídos na liña 4.2:

PROGRAMA 4.2.1: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVAS
Persoas ou entidades beneficiarias: entidades deportivas e deportistas individuais.
Obxecto ou fins xerais do programa: actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local: (1) fomento do deporte federado, (2) eventos deportivos e (3) programas de actividade física saudable.
Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ Número de entidades beneficiarias ✓ Número de deportistas individuais beneficiarios ✓ Importe medio de axuda por entidade ✓ Importe medio de axuda por deportista individual ✓ % de axudas concedidas sobre o total de solicitadas
Partida orzamentaria: 341.48903

Custos previsibles: 262.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS3: Vida sa e promoción do benestar

PROGRAMA 4.2.2: PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO DEPORTE FEDERADO
Persoas ou entidades beneficiarias:
✓ SRI Esperanza de Meicende ✓ Club Deportivo Larín ✓ SCR Suevos
Obxecto ou fins xerais do programa: promoción do fútbol federado
Procedemento de concesión: subvencións nominativas
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:
✓ N.º de entidades subvencionadas ✓ N.º de deportistas federados por entidade
Partida orzamentaria: 341.48900
Custos previsibles:
✓ SRI Esperanza de Meicende: 15.000,00 € ✓ Club Deportivo Larín: 10.000,00 € ✓ SCR Suevos: 10.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS:
ODS3: Vida sa e promoción do benestar

PROGRAMA 4.2.3: BOLSAS DEPORTIVAS
Persoas ou entidades beneficiarias: persoas físicas que cumpran os requisitos recollidos nas bases reguladoras.
Obxecto ou fins xerais do programa: garantir, na medida do posible, a igualdade de

oportunidades en materia de deporte, co obxecto de evitar discriminacións por razóns económicas.
Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ N.º de deportistas apoiados ✓ Importe medio/persoa
Partida orzamentaria: 341.48100
Custos previsibles: 20.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS3: Vida sa e promoción do benestar ODS10: Redución das desigualdades

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

LIÑA 5.1. CREACIÓN DE EMPRESAS E EMPREGO

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Apoiar o inicio da actividade empresarial en sectores de nova implantación, así como novas iniciativas emprendedoras de sectores xa implantados en Arteixo.
- ✓ Fomentar o emprego nos distintos sectores, facilitando a incorporación de xente nova, con especial atención a profesións con maior demanda.

B. Áreas municipais de competencia: Promoción Económica

C. Programas de subvención incluídos na liña 5.1:

PROGRAMA 5.1.1: PROGRAMA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO

Persoas ou entidades beneficiarias: persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens.

Obxecto ou fins xerais do programa:

Incentivar e colaborar na actividade económica e na xeración de emprego no Concello de Arteixo, a través das axudas á creación de empresas a as axudas á contratación.

Procedemento de concesión: concorrencia competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ N.º de entidades beneficiarias para a creación de empresas
- ✓ N.º de entidades beneficiarias para a creación de emprego
- ✓ N.º de empresas creadas
- ✓ N.º de persoas empregadas

Partida orzamentaria: 241.47000

Custos previsibles: 150.000,00 €

Fontes de financiamento: orzamento municipal

Correspondencia cos ODS:

ODS8: Promover o crecemento económico sostido e o traballo decente para todos

LIÑA 5.2. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Apoiar o inicio da actividade empresarial en sectores de nova implantación, así como novas iniciativas emprendedoras de sectores xa implantados en Arteixo.
- ✓ Impulsar o desenvolvemento do comercio local.

B. Áreas municipais de competencia: Promoción Económica

C. Programas de subvención incluídos na liña 5.2:

PROGRAMA 5.2.2: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES DO CONCELLO DE ARTEIXO.

Persoas ou entidades beneficiarias: asociacións de empresarios e comerciantes con sede e domicilio fiscais en Arteixo.

Obxecto ou fins xerais do programa: impulsar accións de dinamización, programas de formación e actividades de promoción económica local, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e á promoción do tecido asociativo de carácter empresarial do municipio.

Procedemento de concesión: concorrência competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ N.º de asociacións subvencionadas
- ✓ N.º de actividades de promoción económica/comercial organizadas durante o período de execución da subvención

Partida orzamentaria: 241.48903

Custos previsibles: 70.000,00 €

Fontes de financiamento: orzamento municipal

Correspondencia cos ODS:

ODS8: Promover o crecemento económico sostido e o traballo decente para todos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 6. PROTECCIÓN CIDADÁ E DO CONTORNO

LIÑA 6.1. PROTECCIÓN CIDADÁ

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Garantir a dotación de servizos de salvamento e socorrismo en praias.

B. Áreas municipais de competencia: Protección Civil

C. Programas de subvención incluídos na liña 6.1:

PROGRAMA 6.1.1: PROGRAMA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS
Persoas ou entidades beneficiarias: Asociación de voluntarios de protección civil de Arteixo
Obxecto ou fins xerais do programa: dotación de servizos de salvamento nas praias de Arteixo.
Procedemento de concesión: subvencións nominativas
Prazo de execución: anual
Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores: ✓ N.º de persoas socorristas contratadas ✓ N.º de praias dotadas do servizo de salvamento ✓ % do total de praias de Arteixo dotadas co servizo de salvamento
Partida orzamentaria: 135.48900
Custos previsibles: 320.000,00 €
Fontes de financiamento: orzamento municipal
Correspondencia cos ODS: ODS3: Vida sa e promoción do benestar

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 7. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, RURAL E URBANA

LIÑA 7.1. ACCESIBILIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA

A. Obxectivos específicos:

- ✓ Impulsar a eficiencia enerxética no municipio
- ✓ Promover a protección medioambiental do municipio

B. Áreas municipais de competencia: Urbanismo / Medio Ambiente

C. Programas de subvención incluídos na liña 7.1:

PROGRAMA 7.1.1: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DE ACCESIBILIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA

Persoas ou entidades beneficiarias: comunidades de propietarios de edificios de tipoloxía residencial colectiva sitos no termo municipal de Arteixo.

Obxecto ou fins xerais do programa: garantir a accesibilidade integral aos edificios e mellorar a súa eficiencia enerxética.

Procedemento de concesión: concorrência competitiva

Prazo de execución: anual

Réxime de avaliación e seguimento. Indicadores:

- ✓ Número de entidades beneficiarias
- ✓ Número de actuacións de accesibilidade subvencionadas
- ✓ Número de actuacións de eficiencia enerxética subvencionadas

Partida orzamentaria: 1522.78000

Custos previsibles: 300.000,00 €

Fontes de financiamento: orzamento municipal

Correspondencia cos ODS:

ODS3: Vida sa e promoción do benestar

ODS 11: Lograr cidades e comunidades sostibles